



DATOS IDENTIFICATIVOS

Seminario de literaturas e culturas lusófonas

| | | | | |
|-----------------------|--|--------------|------------|--------------------|
| Materia | Seminario de literaturas e culturas lusófonas | | | |
| Código | V01G160V01704 | | | |
| Titulación | Grao en Estudios de Galego e Español | | | |
| Descritores | Creditos ECTS 6 | Sinale OB | Curso 4 | Cuadrimestre 1c |
| Lingua de impartición | Outros | | | |
| Departamento | Filoloxía galega e latina | | | |
| Coordinador/a | Baltrusch , Burghard | | | |
| Profesorado | Baltrusch , Burghard | | | |
| Correo-e | burg@uvigo.es | | | |
| Web | http://estudoslusofonos.blogspot.com/ | | | |
| Descripción xeral | Nesta materia trátase de profundizar os coñecementos adquiridos na materia "Panorama de Literaturas Lusófonas" en relación a correntes e obras específicas e seleccionadas dos ámbitos brasileiro, português e/ou africano lusófono. | | | |

Competencias

Código

| | |
|-----|--|
| A1 | Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudio que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudio. |
| A2 | Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio. |
| A3 | Que o estudiantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que o estudiantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| C4 | Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario |
| C6 | Argumentar os temas e os textos obxecto de estudio de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao. |
| C7 | Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión. |
| C8 | Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudio lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudio. |
| C9 | Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos. |
| C10 | Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusions sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudiadas no grao. |
| C11 | Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española. |
| C12 | Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe |

| | |
|-----|--|
| C13 | Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación |
| D2 | Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio. |
| D3 | Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética. |
| D4 | Que as/os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e soluciones a un público tanto especializado como non especializado |
| D5 | Que o alumnado desenvolvese aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---------------------------------------|------------------------------------|----------------|
| Profundar coñecementos sobre a historia das culturas e dos países lusófonos. | A1 A3 | D3 | |
| Adquirir e saber aplicar coñecementos básicos sobre a historia das literaturas lusófonas. | A1 A2 A3 | C4 C8 C12 C13 | D3 |
| Comprender, saber analizar, comentar e discutir de forma crítica textos literarios e outras producións culturais provenientes de diferentes ámbitos lusófonos. | A3 A4 | C4 C6 C7 C8 C10 C11 | D3 D4 |
| Saber redactar textos (en forma de posts, pequenos ensaios e/ou traballos de proxecto dirixidos), realizar exposicións orais e debater nun nivel académico e crítico sobre temas relacionados coa literatura e cultura lusófonas. | A2 A4 | C6 C9 C11 | D2 D4 D5 |
| Saber elaborar textos e proxectos de divulgación e de didactización de contidos literarios e culturais lusófonos en diferentes soportes. | | C6 C8 C9 C13 | D2 D3 D4 |
| Familiarización cos hábitos de traballo en equipo | | | |

Contidos

Tema

| | |
|---|--|
| Elementos de estudos culturais portugueses e aspectos da historia da Lusofonía contemporánea. | Aspectos de: Historia de Portugal; Historia dos descubrimientos e da colonización; Historia do Brasil; Historia dos PALOP; Formación das culturas lusófonas; Aspectos antropológicos e artísticos seleccionados. |
| Aspectos seleccionados das literaturas portuguesa, brasileira e/ou africana lusófona actuais. | Exemplos de obras literarias ou ensaísticas que se lerán completas ou en excertos. A lista disponibilizarse na primeira aula. |
| Exemplos seleccionados de música e obras audiovisuais contemporáneas da lusofonía. | Exemplos procedentes dos ámbitos portugués, brasileiro e /ou dos PALOP. |
| Elementos seleccionados da actualidade cultural lusófona. | Política; blogs; outros aspectos actuais. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introductorias | 2 | 0 | 2 |
| Sesión maxistral | 12 | 10 | 22 |
| Traballos tutelados | 0 | 30 | 30 |
| Eventos docentes e/ou divulgativos | 4 | 4 | 8 |
| Presentacións/exposicións | 6 | 24 | 30 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 4 | 13 | 17 |
| Estudo de casos/análises de situacions | 20 | 21 | 41 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|---|---|
| | Descripción |
| Actividades introductorias | Organización interna da materia. Información bibliográfica. Introdución ás ferramentas dixitais. Temas e organización dos traballos tutelados e das exposicións orais. |
| Sesión maxistral | Os principais temas da materia serán introducidos a través dunha serie de exposicións maxistrais por parte do profesor en lingua portuguesa. |
| Traballos tutelados | Cada estudiante realiza ao longo do semestre un traballo de proxecto escrito (en lingua portuguesa ou galega), dirixido polo profesor, sobre un tema relacionado coa literatura lusófona. |
| Eventos docentes e/ou divulgativos | Asistencia a conferencias, filmes, seminarios, etc. relacionados cos contidos da materia. |
| Presentacións/exposicións | Cada estudiante realizará unha exposición de aproximadamente 20 minutos, e acompañada de documentación bibliográfica, sobre un tema de literatura lusófona acordado co profesor. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Pequenos exercicios distibuídos a seren solucionados de forma autónoma. |
| Estudo de casos/análises de situacíons | Realizarase unha serie de sesións dedicadas á análise pormenorizada de textos literarios e/ou outros aspectos culturais específicos da lusofonía. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descripción |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Tanto a preparación dos traballos tutelados, a revisión de exames e exercicios realizaranse a través de titorías individualizadas. En certos casos poderán realizarse titorías en grupo. |

Avaliación

| | Descripción | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|--|--|
| Traballos tutelados | Avaliarase un traballo escrito con introdución, parte principal, conclusión e bibliografía, seguindo as normas do TFG. Un primeiro borrador enviarase ao profesor en formato Open Office ou Word na primeira semana de decembro do 2015. A entrega definitiva do traballo é na segunda semana de xaneiro de 2016. | 40 A1 A2 A3 A4 C9 C10 C11 C12 C13 | C4 D2 C6 D3 C7 D4 C8 D5 C10 C11 C12 C13 |
| Presentacións/exposicións | Avaliarase a estrutura, organización e contido dunha exposición oral de aprox. 20 min., acompañada da documentación correspondente. As exposicións orais realizaranse ao longo do mes de decembro. | 30 A1 A2 A3 A4 C9 C10 C11 C12 C13 | C4 D2 C6 D3 C7 D4 C8 D5 C10 C11 C12 C13 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Avaliarase a calidad das intervencións en debate e as realizacións de exercicios concretos, como tamén a participación nas demais actividades da materia. | 30 A1 A2 A3 A4 C9 C10 C11 C12 C13 | C4 D2 C6 D3 C7 D4 C8 D5 C10 C11 C12 C13 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudiantes deberán escoller a principio de curso ou un sistema de avaliação continua (cf. supra) ou un sistema de avaliação única. Recoméndase optar polo primeiro.

No caso da avaliação única hai que aprobar todos os procedementos avaliadores para poder calcular a media final. A copia ou o plaxio penalizarase cun suspenso (nota numérica: 0) na proba correspondente.

É obligatorio consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma TEMA e no BLOG asociado.

A condición para ser avaliada/o de forma continua será a asistencia regular ás aulas.

Quen opte de forma directa pola avaliação única será avaliada/o ao final do primeiro período das actas (convocatoria de xaneiro) da seguinte forma:

1. cun exame escrito que abranguerá todos os contidos fundamentais da materia;
2. cun exame oral individual, no cal as/os estudiantes deberán debater co profesor temas previamente acordados.

Cada unha destas 2 partes da avaliação única contará un 50% da nota final e será necesario aprobar ambas para poder aprobar toda a materia. Será obriga da/do estudiante de acordar unha data para a proba oral co profesor até 3 días antes da entrega das actas. A copia ou o plaxio penalizarase cun suspenso xeral (nota numérica: 0).

Os mesmos criterios de avaliação aplicaranse no segundo período das actas (xullo).

As datas dos diferentes exames acordaranse co profesor coa antelación necesaria.

En todo caso, recoméndase a asistencia ás aulas e ás titorías e consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma TEMA e no BLOG asociado, mesmo que non se siga o sistema de avaliação continua.

Bibliografía. Fontes de información

No inicio das aulas, distribuirase a lista da bibliografía activa das lecturas obligatorias xunto con listas de referencias bibliográficas específicas e actualizadas para cada un dos temas.

Bibliografía pasiva (selección)

AAVV. História da Literatura Portuguesa, DVD-ROM, Porto Editora 2002.

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.); Maria Adelina Amorim, Maria Lúcia Garcia Marques, Susana Brites Moita. Dicionário temático da lusofonia. Lisboa: Texto Editores 2010.

Enciclopédia Verbo das Literaturas de Língua Portuguesa, Lisboa: Verbo 1999.

Laranjeira, J. L. Pires. Literaturas Africanas de Expressão Portuguesa. Lisboa: Universidade Aberta 1995.

Lopes, Óscar / Saraiva, António José. História da Literatura Portuguesa. Porto: Porto Editora, 16.ª ed., 2010.

Moisés, Massaud (ed.). História da Literatura Brasileira. 5 volumes. São Paulo: Cultrix 1989.

Ribeiro, Maria Aparecida. Literatura Brasileira. Lisboa: Universidade Aberta 1994.

Picchio, Luciana Stegagno. História da Literatura Brasileira. Lacerda / Nova Aguilar 2004.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G160V01991

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Crítica literaria/V01G160V01922

Panorama das literaturas lusófonas/V01G160V01506

Outros comentarios

As clases desta materia impartiranse en lingua portuguesa, podendo as/os estudiantes responder en lingua portuguesa, galega ou castelá, segundo as súas preferencias. Tamén poden realizar as exposicións orais nestas linguas. Os traballos escritos poden ser redactados en lingua portuguesa, galega, castelá, inglesa ou alemá. Con todo, recoméndase con toda insistencia que a/o estudiante dispoña dun coñecemento pasivo de lingua portuguesa suficiente (B1 como mínimo) para poder seguir unha exposición académica e, tamén, para ler e comprender textos literarios e ensaísticos neste idioma.

Convén que o alumnado se habitúe ao longo do cuatrimestre a ler/oír/ver noticias en lingua portuguesa en medios de comunicación tanto portugueses, brasileiros como tamén africanos lusófonos.

Aviso importante para o alumnado de intercambio (Erasmus): O ensino de Literaturas e Culturas Lusófonas na UVigo diríxese a un alumnado que ten o galego e/ou castelán como lingua materna e que parte de coñecementos históricos e literarios destas culturas, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña como

mínimo un nivel de B1 en lingua portuguesa e que non teña coñecementos mínimos de historia e literatura lusófonas matricularse nesta materia.
